

Sala do perello

bitácora do obradoiro de arte de Viki
Rivadulla

HOMENAXE A ROSALÍA EN BONAVAL

Publicado o 25 de Febreiro de 2015 por saladoperello

A vida vaiche deixando agasallos inesperados, como foi a mañá de onte, emotiva mañá, participando entre bos amigos no acto homenaxe a Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres, en Bonaval.

Agradezo infindamente o convite da AELG, que me brindou a oportunidade de sentir a emoción de ler a Rosalía, co corazón encollido ante as presenzas sentidas de Castelao, Brañas ou a propia Rosalía .O broche de ouro foi a voz de Uxía, coa música de Magín Blanco e Clara Pino.

Aproveito para sumarme á petición da AELG que fixo o seu presidente,[Cesareo Sanchez Iglesias](#) para que este lugar sexa laico e de titularidade pública .

Eu son Rosalía!

